

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2013. Nº 2/2013.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)
D^a. BEATRIZ IGLESIAS GARCÍA (PSdeG-PSOE)
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior.....páx. 3

2.- Resolúcións da Alcaldía: dación de conta.....páx. 3

3.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2013páx. 7

4.- Comparecencia da Alcaldía, a petición propia, para dar conta do Balance da XLVª Feira do Cocido..... páx. 9

5.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia da Alcaldía para explicar a adxudicación de distintos contratos administrativos á empresa EXCAMEL.....páx. 12

6.- Moción do BNG relativa á solicitude de adopción de varios acordos a favor dunha xestión ecolóxica e sustentable do lixopáx. 16

7. - Rogos e Preguntas.....páx. 18

=====

Sendo as dez horas do día 25 de febreiro de 2013, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), sito na Praza de Galicia, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

Non asiste D. Román Rodríguez González. D. Camilo Conde López incorporouse á sesión no punto 3.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; e a Interventora Xeral D^a. Marta Oviedo Creo.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2013.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* leo o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 21 de febreiro de 2013.

Polo grupo de goberno ***D. Manuel Gómez Estévez***, edil delegado de Facenda, indicou que o expediente, coma en anos anteriores, obedecía a que as facturas chegaron tarde ao Concello, e que se pediron as mesmas en varias ocasións ás empresas.

Polo PSdeG-PSOE, ***D. Manuel M^a González Aller*** adiantou que non podían votar a favor da proposta. Estaban en desacordo con aprobar agora facturas do ano 2011, algo que alteraba o resultado orzamentario xa pechado do ano 2012.

Polo BNG ***D. Xesús Cordeiro Budiño*** anticipou a abstención do seu grupo, porque estaban descontentos con aprobar agora facturas atrasadas. Doutra banda estaban a favor de que se pagasen, por tratarse de traballos ou servizos prestados. Pediu que se poña ao día a contabilidade e que se xestione mellor o tema das facturas que se tiñan que presentar.

De novo ***D. Manuel Gómez Estévez*** reiterouse no xa dito no sentido de que este feito de presentar as facturas non era achacable nin ao grupo de goberno nin aos funcionarios. A realidade era esa, que algunhas empresas presentaban as facturas tarde.

Sendo as 10:14 horas incorpórase á sesión o concelleiro do PGD D. Camilo Conde López, quedando con vinte

o número total de asistentes.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** pechou o debate, sinalando que a empresa Unión Fenosa sempre presentaba tarde as facturas, algo que se repetía ano tras ano, e non só neste Concello. Non entendía a postura do grupo socialista neste tema, xa que se o grupo de goberno non aprobaba as mesmas, a empresa acudiría á vía xurisdiccional e gañaría, tendo que pagalas.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Xa que logo, **aprobose** a proposta do Sr. Concelleiro delegado de Facenda, do seguinte tenor:

A fin de poder atender gastos realizados durante os exercicios 2011 e 2012, propónse ao Pleno da Corporación Municipal o recoñecemento extraxudicial de créditos e aprobación do gasto, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, segundo a relación individualizada das facturas que se detallan no ANEXO I que se une a este expediente, de acordo co artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e a Base 15 das de Execución do Orzamento para o exercicio 2012. Ámbolos dous establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria.

Trátase de facturas correspondentes a gastos realizados durante os anos 2011 e 2012 que non foi posible aprobar con cargo ao correspondente exercicio, por non ter sido presentadas no seu momento, ou por non existir crédito axeitado e suficiente para a súa imputación ao orzamento do exercicio 2012, segundo o ANEXO I que se achega á proposta.

O Pleno da Corporación ACORDOU:

Aprobar e recoñecer extraxudicialmente os créditos e o gasto por importe total de 79.806,48 euros seguintes:

Acredor	CIF	Concepto	Nº Factura	Aplicación orzamentaria	IMPORTE €
Unión Fenosa Comercial, S.L.	B-82207275	Enerxía eléctrica puzos-bombas, decembro/12		161.221.00	1.199,35
Unión Fenosa Comercial, S.L.	B-82207275	Enerxía eléctrica alumeadado público, decembro/12		165.221.00	13.000,67
Unión Fenosa Comercial, S.L.	B-82207275	Enerxía eléctrica Centro de Formación Ocupacional, decembro/12		241.221.00	332,92
Unión Fenosa Comercial, S.L.	B-82207275	Enerxía eléctrica escolas, decembro/12		321.221.00	5.044,98
Unión Fenosa Comercial, S.L.	B-82207275	Enerxía eléctrica UNED, decembro/12		324.221.00	194,54
Unión Fenosa Comercial, S.L.	B-82207275	Enerxía eléctrica instalacións deportivas, decembro/12		342.221.00	8.707,90
Unión Fenosa Comercial, S.L.	B-82207275	Enerxía eléctrica dependencias municipais, decembro/12		920.221.00	184,99

Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica pozos, depurad. bomba, decembro/12		161.221.00	206,11
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica alumado público, decembro/12		165.221.00	40.759,51
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica escolas, decembro/12		321.221.00	1.828,52
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica biblioteca, decembro/12		332.221.00	322,25
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica Auditorio Muimenta, decembro/12		334.221.00	102,26
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica instalacións deportivas, decembro/12		342.221.00	418,66
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica praza abastos, decembro/12		4311.221.00	144,91
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica antenas Carrio, decembro/12		450.221.00	727,93
Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	A-65067332	Energía eléctrica dependencias municipais, decembro/12		920.221.00	393,63
Espina y Delfín, S.L.	B-15026693	Limpeza e aspiración de bombeo	LN/6585	161.210.00	1.441,76
Ofi-Tiendas	B-36212918	splitter video digitus vga 1IN2OUT	1	920.623.00	47,20
Ofi-Tiendas	B-36212918	SYMC ENDPOINT PROT 12.1U	2	920.626.00	938,10
Ofi-Tiendas	B-36212918	CABLE UTP MONTADO 0,5M	3	920.220.02	93,81
Ofi-Tiendas	B-36212918	Cambio fonte de alimentación	4	920.216.00	34,22
Ofi-Tiendas	B-36212918	Impresora EPSON TMU-220PD	5	920.626.00	175,81
Ofi-Tiendas	B-36212918	Cambio disco duro e tarxeta gráfica	6	920.216.00	93,22
Ofi-Tiendas	B-36212918	Ordenador APPLE IMAC CI3 27"	7	920.626.00	1.823,09
Ofi-Tiendas	B-36212918	CPU+ WINDOWS 7 PROFESION	8	920.626.00	875,08
Ofi-Tiendas	B-36212918	Reparación equipo e traspaso de datos	9	920.216.00	17,70
Ofi-Tiendas	B-36212918	Teclado LOGITECH Y RETONLOGITECH	10	920.626.00	22,93
Ofi-Tiendas	B-36212918	ADAPT 9H/9H	11	920.623.00	4,19
Ofi-Tiendas	B-36212918	2 EQUIPOS INFORMÁTICOS	12	920.626.00	670,24
SUMA TOTAL					79.806,48

4.- COMPARECENCIA DA ALCALDÍA, A PETICIÓN PROPIA, PARA DAR CONTA DO BALANCE DA XLVª FEIRA DO COCIDO E PARA INFORMAR SOBRE A PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PARA A VINDEIRA EDICIÓ.

Deuse conta pola *Presidencia* desta solicitude de comparecencia, de data 7 de febreiro de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 918. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 21 de febreiro de 2013.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte (20) concelleiros, que inclúe trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD. En consecuencia, **aprobose** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

A comparecencia, a petición propia, do Sr. Alcalde-Presidente para dar conta do balance da XLVª Feira do Cocido e para informar do programa de actuacións para o vindeiro ano, por considerala de capital importancia para a economía do pobo.

De seguido o Alcalde-Presidente **D. José Crespo Iglesias** empezou a súa comparecencia destacando a importancia crecente que ía adquirindo a Feira do Cocido. *“Este ano saíu razoablemente ben, se temos en conta a situación de crise económica que había”*, afirmou. Houbo implicación tamén das parroquias, levando a cabo a tradicional matanza do porco; tamén colaboraron os hostaleiros, a pesar de ser un ano crítico; el escoitou dicir aos mesmos que tiveron un balance positivo.

A matanza tradicional.- Como se coñece este ano celebrouse na parroquia do Corpiño, nun día meteorolóxicamente malo, ao contrario que no da Feira do Cocido na que houbo un domingo espléndido. A celebración foi un éxito e o Concello puxo os medios que cada ano dispón e colocou dúas carpas.

A matanza tradicional foi ao pé da capela do Corpiño, acudindo os veciños e tamén os romeiros. Houbo unha cobertura mediática importante. Pensaba que había que conseguir declarar a matanza como festa de interese turístico galego, mesmo buscar introducila na gama dos produtos *delicatessen*.

Non obstante a pesar da conxuntura desfavorable, este ano foi un bo ano para o Cocido. O Concello nesta dinámica reduciu os gastos. Tamén os participantes diminuíron. Isto levo consigo aumentar a xestión municipal.

Explicou que desde o Concello se impuxeron unhas normas mínimas de calidade aos restaurantes participantes. Isto fixo que diminuíran os que se integraron. Desde a Concellería de Turismo, *D. José Antonio Rodríguez Fernández* xestionou este tema. Algúns dos restauradores non participaron nestes mínimos de calidade nos produtos, pero valeu a pena levar un control mínimo de calidade dos produtos.

Logo houbo a aportación á Gala do Cocido, o Concello cargou coa metade de todo o custo. Aínda así foi importante o aforro, tendo en conta que a repercusión foi elevada desde o punto de vista mediático. O nivel da *share* foi superior a outros anos.

O día grande da Feira do Cocido houbo grande asistencia de público, e mesmo os interesados pediron ampliar a carpa dos artesáns na Paraza da Igrexa. Foi unha gran idea habilitar o local da esquina coa rúa Principal como Oficina de Turismo eses días, mostrar e vender os produtos típicos deste municipio; cada un dos expositores pagou o seu *stand* nesa carpa, que quedou pequena e mesmo pediron ampliála polo menos ao dobre.

Agora había que pensar nos cambios tras os experimentos practicados, e introducir unha cousa nova cada ano. Tamén contribuíu a este éxito o feito de que o día grande fixese sol e un bo tempo. Non se contratou ningún servizo externo, todo foi con medios propios.

Lembrou que o día 17 de xaneiro de 2013 foron a Barcelona; o cociñeiro levou na súa furgoneta os materiais e tamén as potas. Queríase facer da Feira do Cocido unha feira a nivel internacional; estes gastos da comida en Bruxelas asumíranos o proxecto Depodeza, da Deputación Provincial. É dicir, tanto isto coma o proxectado cocido en Portugal non lle custaban nada ao Concello. En tódolos casos serviron para mostrar a oferta de produtos de Lalín, ao igual que se fixo en Madrid.

O día 23 de xaneiro de 2103 estiveron en Madrid nunhas xornadas con outros cociñeiros.

Os resultados foron positivos en ámbolos dous casos. Baste dicir que os datos facilitados por **Kantas Media**, o informe de medios deu máis de 154 millóns de impactos informativos da Feira do

Cocido.

En Santiago de Compostela foise co cocido ao local dun hostaleiro de Lalín, de *Carlos Montilla*, e gastáronse algúns cartos e outros para colocar carteis na cidade.

A repercusión foi importante e o tirón de público se mantivo, de feito moitos outros concellos galegos cópiannos en moitos aspectos e iniciativas. Criticou as verbas do grupo socialista de Lalín na prensa cuestionando estas actividades e gastos.

Pensábase utilizar no futuro o Pazo de Liñares como centro de exposición e mostra da cultura castrexa.

Como proxectos de futuro dixo que se buscaba para o futuro a internacionalización da Feira do Cocido, e por iso se irá e amosar o Cocido de Lalín á cámara municipal de **Cabeceiras de Basto** no mes de marzo, en Portugal, onde terá lugar unha comida oficial no restaurante Caneiro, na freguesía de **Arco de Baulhe**, con cargos institucionais. Comentou que con esta cámara municipal se compartía unha subvención obtida polos dous concellos con cargo aos Fondos Europeos.

A visita a Bruxelas tamén será importante, forma parte destas actuacións de internacionaliar a Feira do Cocido, porque á comida do cocido asistirán eurodeputados e funcionarios de alto nivel da Unión Europea; non será unha simple paparota máis, senón un escaparate importante e unha ocasión máis para difundir o cocido.

Con todas estas actuacións logo formarase un paquete que tentará xustificar o carácter internacional da Feira do Cocido na tramitación do oportuno expediente.

Criticou ao PSOE porque só criticase o tema da comida oficial e non abordase os demais actos.

En resumo as actividades serviron de impulso á economía de Lalín

Sobre as facturas e os gastos, indicou que había que dicir que aínda faltaban ingresos e gastos por cuantificar, porque non se tiñan os xustificantes de todos os esixibles. Lembrou que este ano se buscou un patrocinio destes actos, a iniciativa da *Sr^a Interventora*, e conseguíronse nove mil novecentos euros. En total foron nove empresas de Lalín e de fora. A que máis deu aportou tres mil euros e foi a da denominación de orixe Monterrei (Ourense). Logo a Secretaría Xeral de Turismo deu trinta mil euros para realizar a Gala do Cocido.

A Gala do Cocido custou 24.200 € e a difusión 6.000 euros. O xantar de comida oficial que se fixo no Hotel Torre do Deza custou 6.325 €. O custo da matanza foi de cinco mil douscentos euros máis a factura aínda sen presentar do custo da carpa que se montou alí.

En resumo coidaba que a *XLV^a Feira do Cocido* foi unha grande feira, a pesar das condicións económicas adversas nas que se movía todo o mundo, cun resultado e cun balance positivo para a hostalería. No futuro xa se pensaba nesas ideas xa adiantadas. Rematou o seu turno felicitando aos tres concelleiros do grupo de goberno que traballaron e dedicaron moito tempo a traballar no desenrolo das actividades da Feira do Cocido deste ano.

Por parte do grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** empezou o seu turno afirmando que non era certo o que dicía o Sr. Alcalde no sentido de que o seu grupo sempre estaba en contra da Festa do Cocido. Ao contrario, como grupo sempre que vían medidas ou actividades que resultaban positivas para a Feira do Cocido, apoiábanas. Por exemplo o feito de dedicar un mes á Feira do Cocido parecíalles unha boa idea. Sen embargo cando vían cousas que non resultaban favorables, negaban o seu apoio.

De ningún xeito implicaba que estivesen os trescentos sesenta e cinco días traballando en contra desta celebración, como dixo o Sr. Alcalde.

Pensaban que a Feira do Cocido implicaba a todos os edís do goberno municipal e non a dous ou tres, como afirmaba o Sr. Alcalde, responsables deste evento.

Referíndose ás verbas da Alcaldía dixo non entender eses datos aportados de cento cincuenta e catro millóns de impactos e outras cifras. Pedían, por exemplo, que se lles explicase por que habendo dúas esculturas en Lalín dun escultor famoso como *Asorey* non se lles daba tanta importancia, e só ás figuras do porco. Había máis cousas en Lalín que o cocido, e había que promocionalas.

En xeral coidaban que a Feira do Cocido non estaba ben organizada, algo que por exemplo sucedía no tema da carpa na Praza da Igrexa e tamén porque sempre se repetía o mesmo guión e as mesmas cousas.

Habería que explicar os criterios e as razóns empregados para elixir aos invitados á comida oficial, e tamén ao palco de autoridades, medida anacrónica, e saber que criterios había para subir aí. A preocupación do seu grupo era pola forma, polas maneiras de repartir invitacións para a comida que facía o grupo de goberno.

Non entendía tampouco a proxectada comida en Bruxelas, o feito de levar o cocido, xa que aínda que os financiase o programa Depodeza, da Deputación Provincial, e non os veciños de Lalín, eran cartos dos cidadáns. O mesmo pasaba coa cultura castrexa e o centro que se quería implantar. Os impostos e o custo eran importantes, porque se falaba de cincuenta mil euros. Querían saber: *¿canto se gastou na Feira do Cocido?, ¿cantos invitados asistiron ás recepcións oficiais e á comida oficial?, ¿os criterios que se seguiron para invitalos?, ¿se foron amigos ou familiares do PP?, ¿canto pagou o Concello?, ¿a que foi debida a redución da asistencia de público á Feira?, ¿quen fai as contas da Feira?, ¿que método emprega para contabilizar os sesenta mil euros? e ¿cal foi o custo doutras institucións?*

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo non sentirse aludido polas verbas do Sr. Alcalde, xa que eles como oposición nunca estiveron en contra da Feira do Cocido. Coidaba que a Feira do Cocido había que realizala non só deste xeito, senón mirando tamén a outros eidos, por exemplo ao contorno natural, paisaxístico, á riqueza de monumentos e á ecoloxía de Lalín e da súa comarca. O cocido era unha festa popular que se pasaba de “*boca a boca*” e aí estaba a súa esencia.

Doutra banda tamén quería saber como se invitaban á comida oficial ás persoas, e que criterios se empregaban para convocar a estas duascenas ou trescentas persoas, se era baixo un perfil cultural, social ou político.

En segundo lugar coidaba que a matanza do porco había que vela tamén dun xeito máis legal, xa que o que se facía deixaba dúbidas, aínda que fose un acto con éxito de público.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** afirmou que todo se podía mellorar. Coincidía nas peticións de información sobre a comida oficial e as proxectadas viaxes a Bruxelas e a Portugal. Non estaba tan convencido desta idea de divulgación e prolongación do cocido, xa que Lalín non tiña o dominio en ter esta festa, e non conseguía a exclusividade dos seus produtos. Por isto tiña dúbidas de que estas labores fosen produtivas e positivas para a Feira do Cocido, polo aliciente que resultaba competir a outros lugares ou concellos. Ao mellor facendo tamén outras actividades se podía avanzar e mellorar na feira.

En canto á matanza, vía necesario mantela, pero sen ofender suspicacias e sempre mantendo o material e a forma. Coidaba que ao mellor quizá habería que introducir un acto de degustación pública co cal se melloraría a mesma. Era partidario pois de que houbera dúas fases na feira.

En suma coidaba que había que potenciar o Cocido pero sen extrapolar moito a mesma e sen dar moita divulgación aos eventos, porque Lalín podería saír perdendo con elo.

Volveu a intervir o Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias**. En primeiro lugar botou de menos unha felicitación da oposición aos concelleiros do grupo de goberno que realizaron esta edición da Feira do Cocido.

Indicou que tomaba boa nota do dito, que o balance global era o que había que prever. Para el era un bo indicio que outros concellos tivesen a Lalín e a súa Feira como modelo a seguir e que intenten copiala. A difusión era parte indispensable.

Dirixíndose ao grupo socialista dixo que non esperaba aplausos deles, pero si algún recoñecemento. Como Alcalde non estaba dedicado os trescentos sesenta e cinco días do ano á Feira do Cocido. Dedicamos, dixo, moito tempo a este evento, e todo o equipo de goberno, non só varios membros.

Sobre os datos mencionados da empresa **Kantas Media**, dixo o seguinte refrán: “*vostede fale ben do cabalo, que xa veremos quen o compra*”.

En relación co número de visitantes, afirmou que en Lugo dicían que había un millón de asistentes nas festas de San Froilán, en Lugo. Lalín estaba nesa liña.

En principio el invitaba a todos os comendadores e a todos os que fixeron ou podían facer algo por Lalín, como mostra de gratitude. Había que sementar agora, para recoller no futuro.

Lembrou que cando gobernaba en Santiago o goberno bipartito que houbo, el invitou ao **Sr. Pérez Touriño** e a todos os membros do Goberno. Só un ano veu Anxo Quintana, Vicepresidente da Xunta de Galicia. Afirmou que **Pachi Vázquez** lle dixo que aínda que desexaba vir, ao final non veu polos socialistas de Lalín.

Entendía que actuaba de xeito correcto institucionalmente e invitaba sempre a todos os Alcaldes, aos membros da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial e a xente significada tanto do PSOE como do BNG.

Non era sectario para as invitacións e tiña a conciencia moi tranquila.

Finalmente vía positivo levar o Cocido a Bruxelas, con asistencia de persoas que viven ou traballan alí para darlle ese acento internacional que se quería dar á Feira do Cocido. Con elo, ademais da asistencia de eurodeputados e varios altos funcionarios, se faría un paquete para tentar conseguir esa distinción da Feira do Cocido. En suma había que investir agora para logo ter colleita.

5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.

5.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA ALCALDÍA PARA EXPLICAR A ADXUDICACIÓN DE DISTINTOS CONTRATOS ADMINISTRATIVOS Á EMPRESA EXCAMEL S.L.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal socialista de data 2 de febreiro de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 782. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 21 de febreiro de 2013.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte (20) concelleiros, que inclúe trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

En consecuencia, **aprobase** a moción e adoptouse o seguinte acordo:

Que o Sr. Alcalde-Presidente **D. Xosé Crespo Iglesias** compareza na sesión do Pleno para contestar ás preguntas que se lle formulen en relación co tema e explicar todo o relacionado coas adxudicación á empresa EXCAMEL S.L.

Desde o grupo de goberno **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que había catro contratos: un de limpeza do ano 2010, outro de sumidoiros, outro de limpeza de instalacións deportivas do ano 2011 e un contrato menor de limpeza do Albergue Mouriscade.

A obra que levou a dita empresa na rúa García Sánchez foi un produto de varios planes de obras 2010-2011, Plans E, por importe de douscentos trinta e seis mil oitocentos euros con trinta e oito céntimos de euro. A nivel do Estado, en total foron nos Plans E 6.063.012,13 € e 2.284.318, dando un total de 8.347.320 euros.

O procesos de contratación foron transparentes. A lei permite consultar a tres empresas con capacidade legal, así se fixo e perfecto. As porcentaxes das obras adxudicadas a esta empresa representaron un un 2,5 % do total das obras do Plan E deses dous anos. Os investimentos neses anos en Lalín acometéronse con fórmulas políticas, introducindo nos pregos os criterios que o propio Fondo determinaba e que había que primar, como era a creación de postos de traballo e o prazo de contratación. Houbo tres empresas ás que se consultou. Nunha das obras pediuse unha ampliación de prazos dun mes. As empresas invitadas foron Pena Caramés S.L, Taboada e Ramos SL e Excamel S.L.

As tres ofertas foron iguais no tipo de licitación, pero unha ofertaba un tempo inferior de execución ás outras.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** presentou as seguintes preguntas

por escrito para seren respondidas polo Sr. Alcalde-Presidente:

A) PREGUNTAS RELATIVAS Ó EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS: "REDE DE ALCANTARILLADO EN GARCÍA SÁNCHEZ, DEPURADORA EN LAXE-BENDOIRO E ACOMETIDA Á REDE".

1ª.- ¿Quen elixiu as empresas ás que se solicitou que participaran no procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación desta obra?

2ª.- Tendo en conta a cantidade de empresas de construción que existen en Lalín, na comarca do Deza e na provincia de Pontevedra, ¿Como explica Vde. que se invite a participar neste concurso a unha empresa da provincia de A Coruña?

3ª.- ¿Como explica Vde. que no ano 2010, xa en plena crise, especialmente na construción, as dúas empresas da comarca (Taboada e Ramos S.L e Fernando Pérez Caramés) xa se "autoexclúan" do proceso ó non ofertar a contratación de ningún traballador en situación legal de desemprego e sen tan sequera aportar documentación no caso da segunda destas empresas, aparte xa de non mellorar nin o tipo de licitación nin o prazo de execución?

4ª.- Adxudicada a obra a EXCAMEL con un prazo de execución de 45 días (o prazo tipo era de 60 días), prazo claramente imposible de cumprir, Vde. mesmo, por decreto, concédelle unha prórroga de dito prazo de 30 días. ¿Parécelle a Vde. normal que non só non se penalice á empresa por non rematar no prazo adxudicado, senón que por riba se lle conceda unha prórroga dun 67% sobre o prazo ó que a empresa se comprometera na adxudicación?

5ª.- O Plan E estaba concibido para a promoción do emprego e das empresas locais; nesta liña: ¿Como explica novamente a invitación e a posterior adxudicación dunha obra deste Plan a unha empresa que xa non só non é da localidade, senón incluso doutra provincia?

RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS RELATIVAS Ó EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS: "REDE DE ALCANTARILLADO EN GARCÍA SÁNCHEZ, DEPURADORA EN LAXE-BENDOIRO E ACOMETIDA Á REDE".

1.- Fíxose como en todos os expedientes similares. Houbo unha proposta do concelleiro delegado desta area para invitar a estas tres empresas. Logo o grupo de goberno fixo súa esta proposta, aprobouse, e seguíronse os trámites oportunos.

2.- A razón foi moi sinxela: as empresas de aquí tiñan moitas obras porque estaban a executar obras dos planos anteditos. Se as houbera dispostas nesas datas se lles tería consultado. Sucedeu que as empresas deste Concello e da zona tiñan moito traballo que facer, en parte polas propias obras destes plans.

3.- As empresas citadas fixeron a oferta que consideraron oportuna. Por exemplo Taboada y Ramos S.L estaba moi ocupada nesas datas e non podía coller máis.

4.- Adxudicouse a obra cun prazo de execución de 45 días. Se lle concedeu unha prórroga de trinta días. Sempre xurden problemas na execución dalgunhas obras, coma en todas partes, e neste caso concedeuse a prórroga por causas imputables ao Concello, o cal é distinto do suposto en que o problema se atribúa á empresa. En xeral hoxe case non había ningunha obra sen prórroga e practicamente todas levaban ampliación de prazos, sobre todo cando había unha causa imputable á administración.

5.- A creación de emprego era importante. O persoal era clave para moitas empresas. Neste caso, para seleccionar ao persoal, as empresas tiñan en conta que os traballadores fosen de Lalín. As empresas invitadas a participar tiñan moito traballo nesas datas en parte debido ás propias obras do Plan E.

B) PREGUNTAS RELATIVAS Ó EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: "SERVIZO DE LIMPEZA DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS" CORRESPONDENTE Ó ANO 2010.

1ª.- ¿Quen elixiu as empresas ás que se solicitou que participaran no procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación deste servizo?

2ª.- En Lalín hai varias empresas de limpeza que fixeron e están facendo limpeza en

instalacións municipais, por suposto tamén na comarca e por suposto aínda moitas máis na provincia de Pontevedra; ¿Como explica Vde. que non se invitara a participar no concurso a ningunha empresa de limpeza de Lalín, nin a ningunha empresa do resto da comarca do Deza, nin a ningunha do resto da provincia de Pontevedra?

3ª.- Como xa se dixo, non se invitou a ningunha empresa de limpeza nin de Lalín, nin do resto da comarca, nin do resto da provincia resultando invitadas polo concello unha empresa de limpeza de Lourenzá (Lugo), outra empresa de limpeza de Sada (A Coruña) e outra empresa ¿de limpeza?, non, ¡de construción! que é –como non podía ser menos- EXCAMEL. ¿Como explica Vde. que para contratar un servizo de limpeza de instalacións municipais se invite a unha empresa de construción?

4ª.-¿Parécelle a Vde. normal que cos tempos que corren e corrían naquel momento, unha das empresas de limpeza á que se invita a concursar (a de Sada), renuncie a participar “debido ó volume de traballo da empresa”. ¿Non será por que xa coñece o resultado?

5ª.- No Concello de Lalín entran unha media de entre 30 e 40 escritos diarios no rexistro de entrada. Neste contexto, a probabilidade de que ó longo do prazo de presentación de instancias, as tres empresas as entreguen nun mesmo día e á mesma hora debería ser practicamente nula. Pois ben, tanto o desistimento da empresa de Sada, como as ofertas das outras dúas empresas entran no mesmo día e no mesmo momento. ¿Está Vde. en condicións de explicar tal casualidade?

6ª.-¿Tamén é casualidade que as dúas empresas que presentan ofertas, teoricamente invitadas por Vdes., teñan relación entre elas ata o punto de que un dos irmáns do administrador único de EXCAMEL traballou varios anos para a outra empresa (SERVICIOS GALLEGOS ESPECIALIZADOS S.L.)?

7ª.-¿Como explica Vde. que se adjudique un servizo de limpeza a unha empresa de construción?

RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS RELATIVAS Ó EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: "SERVIZO DE LIMPEZA DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS" CORRESPONDENTE Ó ANO 2010.

1.- O Concelleiro Delegado fixo a proposta á Xunta de Goberno Local que a aprobou; o mesmo que dixo anteriormente. Indicoulle ao voceiro socialista que se quería que se responda por escrito non ten inconveniente.

D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez pediulle que respondera ás preguntas de xeito oral nesta sesión.

2.- Porque a norma permite esa posibilidade. Fíxose uso das facultades que a lei recoñece e as empresas de Lalín tiñan xa contratos co Concello.

3.- Non era certo o que dicía en parte a pregunta. A pregunta incorría en falsidade. A empresa aludida estaba cualificada como empresa de limpeza. No expediente consta unha certificación expedida pola Xunta de Galicia, da Consellería de Facenda que o acredita. O concelleiro da oposición veu o expediente e no mesmo estaba esta certificación que recolle a clasificación como contratista de empresa de limpeza, na categoría B no grupo U e subgrupo 01.

4.- “Sí, paréceme normal, porque descoñezo o que vostede di, “afirmou.

5.- Non coñece de ningún problema neste servizo. Desde o Concello cumprimos os requisitos legais. Non houbo nada ilegal nese expediente de contratación. De seguido referiuse ao edil socialista que interveu anteriormente para criticar a súa postura, aludindo a outros temas, e incidindo en que: “vostede leva oito anos máis ca min en política”.

Preguntou entón **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** se a empresa Ercodeza, que foi unha empresa consultada neste expediente de limpeza, podía participar nesa licitación.

C) PREGUNTAS RELATIVAS Ó EXPEDIENTE "SERVIZO DE LIMPEZA DE DIVERSAS

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS" (ANO 2011).

1ª.- ¿Quen elixiu as empresas ás que se solicitou que participaran no procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación deste servizo?

2ª.- En Lalín hai varias empresas de limpeza que fixeron e están facendo limpeza en instalacións municipais, por suposto tamén na comarca e por suposto aínda moitas máis na provincia de Pontevedra; ¿Como explica Vde. que non se invitara a participar no concurso a ningunha empresa de limpeza de Lalín, nin a ningunha empresa do resto da comarca do Deza, nin a ningunha do resto da provincia de Pontevedra?.

3ª.- Como xa se dixo, non se invitou a ningunha empresa de limpeza nin de Lalín, nin do resto da comarca, nin do resto da provincia resultando invitadas polo concello unha empresa de limpeza de Lugo e outras dúas empresas ¿de limpeza?, non, ¡de construción! que son –como non podía ser menos- EXCAMEL e unha segunda invitada ERCODEZA ¡que nova casualidade! propiedade doutro irmán do administrador de EXCAMEL. ¿Como explica Vde. que para contratar un servizo de limpeza de instalacións municipais se invite a dúas empresas de construción?. ¿Como se explica Vde. esta nova casualidade: que de tres empresas invitadas polo concello dúas delas pertencen ó “grupo de empresas” do ex alcalde de Melide e ex senador do PP?.

4ª.-Como xa se dixo, no Concello de Lalín entran unha media de entre 30 e 40 escritos diarios no rexistro de entrada. Neste contexto, a probabilidade de que ó longo do prazo de presentación de instancias, as tres empresas as entreguen nun mesmo día e á mesma hora debería ser practicamente nula. Pois ben, unha vez máis as ofertas das tres empresas entran no mesmo día e no mesmo momento, con números de rexistro correlativos. ¿Está Vde. en condicións de explicar tal casualidade?

5ª.-¿Como explica Vde. que –unha vez máis- se adxudique un servizo de limpeza a unha empresa de construción?.

6ª.- Este servizo de limpeza é exactamente o mesmo que o anterior (o citado no apartado B), e non se podía prorrogar. A pesar diso adxudícase de novo á mesma empresa que xa o estaba facendo. ¿Non considera Vde. cando menos irregular este feito?.

7ª.- O 11 de marzo de 2011 finalizaba o contrato anterior con EXCAMEL, e o novo contrato outra vez con EXCAMEL asinouse case dous meses despois, exactamente o 1 de maio.¿Quen estivo facendo a limpeza das instalacións municipais durante ese tempo?¿Existe algún tipo de adxudicación para ese período?¿Pagouse a alguén polo servizo de limpeza desas instalacións no período entre o 11 de marzo e o 1 de maio de 2011?.

RESPOSTAS: Afirmou que as respostas do apartado anterior eran as mesmas que as de este.

D) PREGUNTAS RELATIVAS Ó EXPEDIENTE dun contrato menor de servizos por importe de 8.079,46 € (IVE incluído) aprobado na Xunta de Goberno Local do 23 de xuño de 2011 polo que se lle encarga directamente a EXCAMEL o servizo de limpeza do albergue de Mouriscade ata o 31 de decembro de 2011.

Dado que aquí xa se adxudica directamente a dedo sen ningún tipo de concurso, xa sobran moitas preguntas, polo que nos limitamos a unha soa:

1ª.- Descoñecendo a contestación á última pregunta do expediente anterior, que xa podería desactivar esta, preguntamos: ¿Ten algo que ver esta adxudicación co servizo de limpeza das instalacións deportivas entre o 11 de marzo e o 1 de maio de 2011?.

RESPOSTA.- Dixo non entender a que se refería.

E) PREGUNTAS COMÚNS A TODOS OS EXPEDIENTES:

1ª.-¿Coñece Vde. ó ex alcalde de Melide, o Sr. Miguel Pampín Rúa?.

2ª.-¿Ten Vde. algún tipo de relación persoal de parentesco ou de amizade co Sr. Miguel Pampín Rúa?.

3ª.-¿Como cualificaría Vde. a súa relación persoal con esta persoa?.

4ª.-A prensa galega, en relación co ex alcalde de Melide, referiuse a Vde, definíndoo como “un buen amigo” do *Sr. Miguel Pampín Rúa*. ¿Desmentiu Vde. publicamente esa suposta relación de “boa amizade”?.

5ª.-¿Mantivo vostede algún tipo de comunicación (en persoa, por teléfono, por email, etc.) co *Sr. Miguel Pampín Rúa* nos anos 2010 e 2011, período de tempo no que tiveron lugar estas adxudicacións?.

6ª.-¿Sabía Vde. que o *Sr. Miguel Pampín Rúa* é o pai de *Miguel Pampín Vizcaíno*, administrador e socio único da empresa EXCAMEL e de *Zanit Pampín Vizcaíno* administrador e socio único da empresa ERCODEZA?.

7ª.- ¿Coñece Vde. a *Miguel Pampín Vizcaíno*?

8ª.- Tivo Vde. algún tipo de relación persoal co *Sr. Miguel Pampín Rúa*?

9ª.-¿Comunicouse Vde. algunha vez (en persoa, por teléfono, por email ou calquera outro medio) co *Sr. Miguel Pampín Vizcaíno* durante os anos 2010 e 2011?.

10ª.-¿Como cualificaría Vde. a súa relación persoal con esta persoa?.

11ª.-¿Invitouse á empresa EXCAMEL ou a algunha outra empresa do “grupo”, como por exemplo ERCODEZA, PIDRAMEL, ECOVAME, EUROCONTROL, etc., a algún outro concurso municipal, aparte dos tratados aquí, dos que non resultasen adxudicatarios?.

RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS C), D) E E):

1.- A resposta é a mesma que as outras. Houbo un total respecto á lei na tramitación do expediente.

2.- Non houbo relación persoal ou de parentesco coas persoas aludidas na pregunta.

3.-Afirmou: “Coñezo a esa persoa mencionada na pregunta, como coñece a moitas outras polo seu cargo”.

4.- “Aquí todos nos coñecíamos, e entendía que o Sr. Fernández Vázquez tiña mala fé ao faceren estas preguntas. Algo nos diferencia a min de vostede. Eu nunca asumiría nada de vostede”, sinalou.

Referiuse de seguido ao texto empregado nalgunhas das preguntas formuladas, amosando a súa desconformidade e desagrado co mesmo.

Houbo de seguido un debate entre os dous intervinientes sinalados, no que o **Sr. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que o debate e a comparecencia estaban rematadas; o Sr. **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que non estaba claro nin explicado o tema e que o Sr. Alcalde non respondeu a algunhas das preguntas formuladas.

6- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SOLICITUDE DE ADOPCIÓN DE VARIOS ACORDOS A FAVOR DUNHA XESTIÓN ECOLÓXICA E SUSTENTABLE DO LIXO.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal nacionalista de data 30 de xaneiro de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 718. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 21 de febreiro de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** leo a parte expositiva da moción que tiña como obxectivo a creación dunha planta de reciclaxe en todas as cabeceiras de comarca, e tamén no Deza. Con elo se colaboraría na mellora do medio e do contorno natural, evitaríanse moitos traballos de transporte e incineración e crearíanse moitos postos de traballo. Calculábase que habería uns tres mil postos de traballo en Galicia que xerarían estas plantas. Por último pediu que todos os poderes públicos se implicasen nesta iniciativa.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** manifestou estar de acordo coa

moción e o que se pedía porque coincidía co que eles defenderon dende hai tempo. Lembrou que o expediente da estación incineradora que se pensaba instalar en O Irixo se parou, non se sabe se pola crise ou por outras causas.

Estaban a favor de mellorar o medio ambiente dun xeito sostible e de promover a transformación e a recuperación do lixo, e que non beneficie so ás empresas que buscan a rendibilidade económica, senón a todos os cidadáns. "*A máis dano, máis beneficio para as empresas; e todo a cargo do lixo e dos cidadáns*", afirmou.

Recordou que hoxe todo o tratamento do lixo de Galicia se seguía a facer en Sogama, xerando, ademais doutros danos, unha escombreira de lixo de dimensións xigantescas.

A campaña que propugnaba a moción parecía lóxica porque buscaba reciclar o lixo. Ao mellor para conseguir reciclar o lixo había que empezar por concienciar á xente e ás empresas fabricantes de produtos elaborados de non abusar dos materiais empregados. Por exemplo unha galleta ou unha caixa destes produtos deberían levar un único envase e non varios como utilizaban. A reciclaxe era pois un deber de todos.

Como unha das características do modelo previsto, hoxe calculábase que a compostaxe debiera ser o 50% do total da reciclaxe. Aínda se estaba lonxe desta cifra. E para conseguir isto había que concienciar á poboación, algo que non se acometía seriamente. Isto si que sería unha aposta clara e rápida polas políticas das tres erres.

Lembrou que hoxe o Concello de Lalín pagaba preto de cincocentos mil euros ao ano de lixo a Sogama e isto era insostible para as arcas municipais. Apoiarían a moción.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** amosouse disposto a favorecer o medio ambiente, e apoiar a iniciativa. Admitiu que había varias solucións a este problema, que estaban todas elas en continuo debate. Pero parecíalle boa a idea e daríalle o seu voto.

Desde o grupo popular, a **D. Xosé Crespo Iglesias** parecíalle que non existía aínda a pedra filosofal que tivese a solución ao problema do lixo. Todo era discutible e isto tamén. Lembrou que o anterior goberno bipartito que estivo na Xunta de Galicia durante catro anos (tres e medio, puntualizado) non tocou Sogama, deixouno como estaba.

A compostaxe non era unha solución, porque o abono non o querían os agricultores e gandeiros. A planta de Nostiam estaba a levar a Sogama a maior parte do seu lixo. A de Barbanza de compostaxe funcionaba de xeito regular. Somaga estaba aí e cada vez trataba máis lixo.

Lembrou que o sistema de incineración estaba vixente en países como Dinamarca ou Alemania e a eles parecíanles ideal. Pero a realidade impoñíase e sucedía que non se reciclaba nin se separaba todo o que se quería. Hoxe máis do cincuenta por cento do lixo da bolsa amarela contiña materias impropias; con elo en vez de recadar cartos ou de rebaixar o custo do lixo da bolsa negra, implicaba un gasto maior.

De seguido empezou un debate sobre o anteproxecto de lei de racionalización e modernización do réxime local. Despois dilo, volveuse ao tema.

Lembrou que o goberno bipartito socialista e nacionalista durante tres anos e medio non fixo nada novo neste eido. A maiores destacou que o Concello de Pontevedra, con Alcalde nacionalista e en coalición co grupo socialista podía e tiña medios máis que sobrados para contar cunha planta de compostaxe ou de reciclaxe; sen embargo, non a implantaba; ao contrario, enviaba a Sogama todo o que podía.

Tamén indicou que no programa de Sogama, cando se creou, estaba previsto contar dez plantas de composto en toda Galicia e non se fixo unha soa. Coidaba que negociando un paquete de medidas e presionando para conseguilo, Pontevedra tería moitas posibilidades de contar cunha planta deste estilo; aínda así, non a pedía. Ao contrario, na península do Morrazo había unha destas plantas e funcionaba de xeito regular. Non podían votar a favor.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** reafirmouse no xa dito. Coidaba que había que apostar claramente pola reciclaxe a compostaxe. e esquecerse de Somaga, porque había outros modelos alternativos. El non tiña datos doutros países, pero si que coidaba que cada vez había unha maior concienciación entre as persoas. Afirmou que se en vinte anos non se fixo ningunha

planta de compostaxe ou de reciclaxe, elo amosaba unha falta total de vontade política e económica de acometelas. Por elo agora que había unha maior conciencia da poboación había que reciclar e separar máis o lixo, e se non se facía, penalizar e buscar os medios para que se fixera.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos: a) Manifestar o apoio á tramitación da “proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos de Galiza” actualmente en tramitación. b) Solicitar o abandono por parte da Xunta da idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos de Galiza. c) Solicitar que a Xunta destine os fondos previstos para a incineradora ao financiamento de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que permitan a creación de emprego nas diferentes localidades e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe das sociedades avanzadas. d) Solicitar da Xunta de Galicia o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria. e) Destinar parte do orzamento municipal para implantar programas de educación ambiental para a redución de residuos e xestionar os residuos orgánicos mediante a compostaxe caseira e comunitaria.

Sometida a votación ordinaria a moción en votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

7- ROGOS E PREGUNTAS.-

7.1- ROGOS.-

Presentados de xeito verbal durante a sesión:

7.1.1. PSdeG-PSOE:

D. Manuel M^a González Aller.

ROGO.- Indica que a pista que sae da estrada de Lalín-Rodeiro e que vai a Palmaz pasando polo actual Campo de Tiro, se atopa en deficiente estado de conservación, presentando numerosos bacheos e deformacións no firme. Pide que se efectúen as obras de reparación polo Concello na dita pista.

*Respondeu **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**, edil delegado de infraestruturas do rural afirmando que a obra xa estaba solicitada polo Concello para a inclusión nos Plans Provinciais de obras e servizos da Deputación Provincial de Pontevedra.*

ROGO.- Na Alameda, sita en Lalín de Arriba, por detrás do edificio do ambulatorio existe un desnivel do terreo cun terraplén de catro ou cinco metros. Isto representa un serio perigo para as persoas que están nas inmediacións ou que pasen por alí. Pide que se tomen medidas pola perigosidade deste lugar, coa colocación dunha barandilla ou con outras instalacións axeitadas.

*Respondeu **D. Camilo González Bodaño** afirmando que se estaba a estudar a posibilidade de levantar un muro.*

ROGO.- Sinala que nas inmediacións da piscina municipal, no lugar que se emprega como aparcamento dos vehículos dos usuarios e empregados da piscina, se bachee e se repoña o firme, insistindo no seu mal estado e no risco para as persoas e vehículos. Reitera que isto xa o pediu o seu grupo noutra sesión anterior, e ata hoxe non se atendeu.

Respondeu o Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias indicando que se farán estas obras de reparación pero elo será cando mellore o tempo e se dispoña de medios.

D^a. Beatriz García Iglesias

ROGO.- Que se arranxen as instalacións e o subministro de instalación eléctrica na actual piscina municipal, petición xa formulada en sesións anteriores.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

7.2.- PREGUNTAS.-

Presentadas de xeito escrito e cuio contido se transcribe a continuación:

7.2.1. PSdeG-PSOE

D^a. Manuel M^a González Aller.

1^a.- En relación co Parking Europa.

O Parking Europa considerouse no seu momento como unha obra imprescindible tanto para a ordenación do tráfico como para facilitar o acceso dos cidadáns ao centro urbano, e con iso acadar a promoción do comercio local.

Desde o comezo da súa construción o grupo municipal socialista denunciou en múltiples ocasións as súas dúbidas sobre a legalidade das obras que se estaban levando a cabo.

O tempo e a xustiza, por desgracia para os cidadáns de Lalín, dounos a razón, e na actualidade atopámonos cun parking pechado dende hai máis de tres anos.

En múltiples ocasións o Alcalde anunciou a apertura inminente de ditas instalacións. Despois de gastos millonarios, segundo manifesta o Alcalde, a xustiza dá por boa a actuación na redución do volume e o número de prazas de aparcamento e autoriza a súa apertura.

É por iso que formulamos as seguintes preguntas:

1^a.- PREGUNTA.- ¿Cal é a causa de que permaneza pechado?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2^a.- PREGUNTA.-¿Cando está calculada a súa reapertura.?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

3^a.- PREGUNTA.-¿Remataron ou, polo menos, comezaron as negociacións coa concesionaria sobre as indemnizacións debidas ás perdas provocadas pola mala xestión municipal?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

4^a.- PREGUNTA.- Cando remate todo este proceso, que tan caro nos vai saír aos cidadáns: ¿ten pensado dimitir o concelleiro de urbanismo, causante principal de todo este despropósito?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2ª.- En relación coa nova Lei de Réxime Local.

O actual goberno do PP está elaborando unha nova Lei de Réxime Local, da que xa existe un borrador, que vai a resultar tremendamente lesiva para os intereses dos concellos. Noutras circunstancias (con goberno do PSOE) con total seguridade o “destacado municipalista e experto en administración local” e Alcalde de Lalín, o Sr. Crespo Iglesias, xa tería izada a bandeira do municipalismo e estaría liderando unha auténtica cruzada contra do goberno central por pretender acabar cos concellos con este proxecto de lei. Polo contra, o Alcalde de Lalín está desaparecido neste combate no que, por certo, si están a grande maioría dos alcalde do PP de Galicia, que están esixindo publicamente modificacións nun texto que -segundo eles- converte aos alcaldes en “meras figuras decorativas”, xa que se “baleira de competencias” ó Concello, dáse un maior protagonismo ás deputacións provinciais e aos interventores municipais van ter máis autonomía fronte aos alcaldes. E, por suposto, tamén protestan pola táboa salarial proposta na lei para os alcaldes e concelleiros con dedicación exclusiva, cousa que por certo non lle afecta demasiado a este Concello por estar -de momento- por riba dos 20.000 habitantes. En relación con este tema, fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª.- PREGUNTA.- ¿Por que non se manifestou esta Alcaldía en ningún momento contra o actual texto da nova lei de Réxime Local que presentou o actual goberno do PP?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿Ten algo que ver ese conformismo ante o novo texto co feito de que está presentado por un goberno do seu propio partido e Vde. antepón os intereses partidistas aos cidadáns de Lalín?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

3ª.- PREGUNTA.- ¿Ten algo que ver ese conformismo ante o novo texto co feito de que os soldos propostos para os alcalde non lle afectan ao seu soldo actual e, en consecuencia, Vde. antepón tamén os seus propios intereses aos dos cidadáns de Lalín?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

4ª.- PREGUNTA.- ¿Está de acordo coa redacción actual do texto?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

5ª.- PREGUNTA.- ¿Vai facer algo para que se retire ou, como mínimo, se modifique o borrador en todo aquilo que sexa prexudicial para os intereses dun Concello como Lalín?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

3ª.- En relación co tema das preferentes.

O Presidente executivo de Novagalicia José María Castellano acaba de comunicar aos afectados polas participacións preferentes que “a finais de marzo se canxearán por accións cunha quita que prevé que se sitúe no 50%”.

Esta información foi facilitada por un dos membros da plataforma de afectados de O Salnés, José Manuel Vázquez, quen dou publicamente os detalles da reunión mantida, xunto a outros afectados co presidente de Novagalicia Banco, e confirma as peores perspectivas, pois xa non só se perderá

definitivamente a metade do diñeiro senón que a outra metade será en accións convertibles sabe Deus cando e a que prezo, polo que a estafa será completa.

Igual que no caso da nova lei de réxime local, tamén neste caso unha grande cantidade de alcaldes de Galicia estiveron e están ao lado dos afectados das súas localidades e comarcas aprobando mocións nos concellos, participando nos encerros e nas manifestacións e adoptando as medidas de todo tipo a favor dos afectados como poden ser, por citar só dous casos, no caso do Alcalde de Cangas trasladar o seu despacho a un colector de obra fronte a oficina de Novagalicia Banco ou, aínda máis recente, a decisión do Alcalde de Oia (Pontevedra), *D. Alejandro Rodríguez*, de darse de baixa no PP xunto cos cinco concelleiros do seu goberno municipal, se a Xunta e o Goberno Central “non cambian a súa actitude” e toman medias para solucionar o problema dos afectados polas preferentes.

Precisamente o representante dos afectados valoraba moi positivamente esta actitude do Alcalde de Oia e indicaba que debería ser un exemplo para outros alcaldes.

Como tantas veces se dixo, nin o Alcalde nin o goberno local fixeron o máis mínimo para saír en defensa dos afectados, que en Lalín e na comarca, como ben quedou demostrado, eran bastantes máis dos 15 ou 16 que afirmaba o goberno local non hai tanto tempo. Polo exposto, fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª.- PREGUNTA.-¿Vai esta Alcaldía e o grupo de goberno a seguir o exemplo do Alcalde e concelleiros de Oia e anunciar publicamente a intención de dimitir se a Xunta e o Goberno Central non solucionan axeitadamente este problema?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- De non ser ese o caso: ¿Van a adoptar como goberno local algún tipo de medida de presión en apoio dos afectados polas preferentes para intentar acadar unha solución totalmente distinta á que se está anunciando?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Ante a comparecencia do Alcalde para dar explicacións da Feira do Cocido do ano 2013, fórmulanse as seguintes preguntas:

1.- PREGUNTA.- ¿Cantos invitados houbo na comida oficial e cal foi o seu custo?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- ¿A canto ascenderon os gastos totais desglosados por capítulos de publicidade, organización, comida, capas, etc, da feira do cocido?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.-¿Canto se gastou en viaxes do Alcalde, supostamente, para promover a festa do cocido?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

4.- PREGUNTA. ¿Que empresas e administracións participaron nos gastos?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

5.- PREGUNTA.-¿Que cantidade aportou cada unha delas?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

6.- PREGUNTA.- ¿A que achaca a baixada de afluencia de visitantes na actual edición?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

7.- PREGUNTA.- ¿Quen fai as contas da afluencia de visitantes, e cal é o método empregado para realizalas?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

8.- PREGUNTA.- ¿Non cre o Alcalde que se gasta moito en promoción e autobombo do propio Alcalde e pouco en actividades tanto na mesma feira como no día anterior?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

9.- PREGUNTA.- ¿Cales son os criterios para elixir a xente que sobe ao palco de autoridades?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

10.- PREGUNTA.- ¿Son simplemente o ser militante, simpatizante ou familiar de alguén do PP.?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

E, sendo as trece horas e vinteún minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente